

BASES ORGANIZATIVAS

ANDAINA SOLIDARIA “PASIÑO A PASIÑO” EN PORTAS

ARTIGO 1. INFORMACIÓN XERAL

O Concello de Portas, coa colaboración de voluntariado e entidades locais, organiza a **II Andaina Solidaria “Pasiño a pasião”**, que terá lugar o domingo 10 de maio de 2026.

A actividade consiste nunha camiñata non competitiva, na que o percorrido e o ritmo estarán adaptados para favorecer a participación de persoas de todas as idades.

O evento ten carácter solidario, destinándose a recadación á Asociación de Cancro Infantil e Xuvenil de Galicia (ASANOG).

ARTIGO 2. OBXECTIVO

O obxectivo principal do evento é recadar fondos para ASANOG, entidade que desenvolve un labor fundamental no apoio a nenos, nenas e mozos con cancro e ás súas familias.

Ademais, preténdese:

- Sensibilizar á poboación sobre o cancro infantil e xuvenil
- Promover hábitos de vida saudables
- Fomentar a solidariedade e a participación cidadá
- Crear un espazo de convivencia social no municipio

Todo o recadado será destinado integramente á devandita asociación.

ARTIGO 3. REQUISITOS

- Poderán participar todas aquelas persoas maiores de idade que o desexen.
- As persoas menores de idade deberán contar con autorización do pai/nai ou titor/a legal. Deberán cumprimentar a autorización no momento de facer a inscrición

É OBRIGATORIO INSCRIBIRSE PARA PARTICIPAR NA ANDAINA

ARTIGO 4. CATEGORÍAS

Establécese unha única categoría que inclúe a todas as persoas participantes, ao tratarse dunha actividade non competitiva.

ARTIGO 5. DATA, LUGAR E PERCORRIDO

A andaina celebrarase o domingo 10 de maio de 2026.

- **Saída:** Azucreira de Portas ás 10:30 h
- **Percorrido:** unha única ruta, que no seu transcurso se divide en dúas:
 - **5 km totais de dificultade baixa** apta para tódolos públicos
 - **2 km máis de dificultade media** non apta para menores ou persoas con certas dificultades
- **Duración estimada:** arredor de 2-3 horas

O percorrido estará sinalizado e controlado pola organización.

ARTIGO 6. INSCRICIÓNS

Prazo de inscrición:

Ata o 7 de maio de 2026 ás 23:59h

Modo de inscrición:

- En liña: Páxina Web, aportando os datos persoais na web da la Federación Galega de Atletismo.
- O pago efectuarase na propia Páxina Web mediante tarxeta.
- No Concello de Portas facilitaremos a inscrición a través da Páxina Web a aquelas persoas que non teñan facilidade ou acceso para facer este trámite.
- A inscrición implica a aceptación deste Regulamento e as súas condicións

Cota de inscrición:

- DONATIVO de 5 € por participante para a colaboración con ASANOG
- **Dorsal 0:** Habilitarase unha opción de colaboración para aquelas persoas que desexen contribuír sen participar.

É OBRIGATORIO INSCRIBIRSE PARA PARTIICPAR NA ANDAINA

ARTIGO 7. DORSAIS

Os dorsais recolleranse na saída o mesmo día da andaina (domingo 10 de maio a partir das 10:00h)

ARTIGO 8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Durante a xornada organizaranse actividades paralelas como:

- Sorteos solidarios
- Actuacións musicais ou culturais
- Zona infantil (colchonetas, xogos, pintacaras)

ARTIGO 9. CONSELLOS

Recoméndase:

- Levar roupa e calzado cómodo
- Hidratarse correctamente
- Participar con ganas de pasalo ben

ARTIGO 10. RESPONSABILIDADE

A organización contará cos seguros correspondentes de responsabilidade civil e accidentes segundo a normativa vixente.

A participación realizarase baixo a responsabilidade de cada persoa participante.

ARTIGO 11. OUTRAS CONSIDERACIÓNS

A organización resérvase o dereito a:

- Modificar percorridos ou horarios
- Suspende ou aprazar o evento por causas xustificadas (climatoloxía, seguridade, etc.)

As persoas que participen sen estar inscritas non estarán cubertas polos seguros.

Non está permitido o acompañamento con vehículos non autorizados.

ARTIGO 12. PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos, a información recollida será empregada unicamente para a xestión do evento.

Coa inscrición, as persoas participantes autorizan á organización e aos colaboradores do evento, a empregar calquera tipo de imaxe ou gravación con fins de difusión, promoción e explotación para todo o mundo mediante calquera dispositivo (internet, publicidade impresa, etc.) sen límite temporal.